

Gondomar

BOLETÍN INFORMATIVO DO BNG-GONDOMAR

PRIMAVERA 2025



No BNG reclamamos a humanización da PO-331 ao seu paso por Vincios

E converter en travesía urbana o tramo da
estrada que discorre polo centro da parroquia



A deputada, Carmela Rodríguez, xunto á portavoz, Manuela Rodríguez cos representantes veciñais de Vincios

O Bloque de Gondomar reclamamos á Xunta de Galiza a **humanización da estrada PO-331** ao seu paso pola parroquia de Vincios. Fixémolo a través das emendas aos orzamentos da Xunta para este ano 2025. Mais esta, como o resto de emendas, **foi rexeitada** pola maioría parlamentar do PP.

Esta humanización é unha **prioridade** para a parroquia de Vincios, que conta coa maior concentración de poboación despois da propia vila de Gondomar e cun volume de tráfico que é perigoso e incompatible coa vida normal da veciñanza.

Así o demostra un estudo encargado pola Comunidade de Montes de Vincios que conclúe que por este tramo da estrada **circulan máis de 15.000** vehículos diarios entre semana, **500 deles pesados**, e preto de **10.000** durante a fin de semana. Isto tradúcese nun grave problema de **inseguridade para as persoas**, con alta sinistralidade e elevado índice de atropelo, ademais dunha **importante contaminación** acústica e ambiental.

A **eliminación das peaxes da AG-57** sería un aliciente para converter a autoestrada en **circunvalación e alternativa gratuíta á PO-331** e, xunto coas medidas de calmado de tráfico no centro de Vincios, contribuiría a mellorar a calidade de vida e a reducir a sinistralidade e os riscos asociados ao tráfico.

A parroquia está fendida pola metade por unha estrada que conta cun tramo claramente urbano, polo que é urxente a súa conversión en travesía urbana. E debe ser a Xunta, como titular da vía, quen debe realizar ese acondicionamento antes de considerar traspasar a titularidade ao Concello.



Tráfico en Vincios ás 9h da mañá

**“Urxe tomar medidas
para reducir un volume
de tráfico que é perigoso
e incompatible coa vida
normal da veciñanza”**

Compre dotar ao Tumbio de pasos de peóns e dunha senda que permita camiñar sen xogarse a vida



Estrada PO-331 no Tumbio (Vincios) sen pasos para cruzar a veciñanza

“Diante das paradas de autobús non hai paso de peóns e coincide en cambio de rasante o que aumenta a perigosidade ao cruzar”



Contedores de lixo sen espazo fora da calzada no Tumbio

Outro exemplo agravante da perigosidade é a **localización dos contedores**. En diversos puntos desta estrada non hai espazo para que a veciñanza poda botar o lixo sen risco de atropelo por invadir a calzada. Polo que se fai necesario mudar de lugar os puntos de recollida de lixo.

Outra das emendas presentadas polo BNG aos orzamentos da Xunta para o 2025 foi a construción dunha senda peonil ao longo da estrada PO 331, no tramo que atravesa o barrio do Tumbio, fundamental para a boa comunicación e a seguridade das viandantes.

Esta actuación constitúe unha solicitude recorrente da veciñanza, que ven denunciando as dificultades para moverse a pé nesa zona pola carencia de beirarrúas e pasos de peóns, mesmo nos accesos ás paradas de autobús ou aos contedores de lixo.

Estoutra proposta **tamén foi rexeitada** polo rodete da maioría do **Partido Popular** no Parlamento de Galicia. Por esa razón, o BNG presentounas novamente, a través dunha iniciativa parlamentar aínda pendente de debater, tal como adiantou a nosa deputada Carmela González na reunión mantida en Vincios coas directivas da Comunidade de Montes e do Centro Veciñal e Cultural da parroquia.

VigoÉ **Novembro, 2016**

Dúas persoas feridas nun choque múltiple en Vincios

La Voz de Galicia **Decembro, 2012**

A estrada de Vincios rexistrou este ano máis de 60 accidentes.

ep Europa Press **Setembro, 2018**

Unha muller de 69 anos morre tras ser atropelada en Gondomar.

Telemariñas **Febreiro, 2025**

Un ferido nunha colisión de dous vehículos en Vincios

Contacta co BNG!

📞 616 96 40 27

📷 @bng_gondomar

🌐 gondomar.bng.gal

✉ gondomar@bng.gal

📺 @bnggondomar4810

📘 @bnggondomar

Gondomar